

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE XANEIRO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 14 de xaneiro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 11 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de RRHH e Formación (asiste ao punto 7)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 3)
D. Fernando Carballo Villar, director de Réxime Interior de VigoZoo (asiste aos puntos 9 e 10a)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

3.- Apertura administrativa e técnica**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento técnico legal dos procesos de tratamento e desinfección en materia de leixonela nas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (4.111-611) (emenda documentación)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 4 de xaneiro de 2021, o 10 de xaneiro, se concedeu un prazo de tres días a AGRONERGA, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal, concretamente a solvencia técnica.

Tras consulta telefónica formulada pola citada empresa ao Servizo de Contratación, compróbase que a solvencia técnica (declarada no DEUC e acreditada mediante certificados no sobre A) é suficiente de acordo coas esixencias recollidas no PCAP que rexe esta contratación, polo que se comunica á empresa que non é preciso que emende a documentación requirida.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:28	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A442-CD2F35-C157EB-5QPDAL-AGTXDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a AGRONERGA, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Solicitar ao servizo xestor informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor abertas na sesión do 4 de xaneiro de 2022.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de dixitalización de fondos patrimoniais do arquivo municipal de Vigo (1.055-1102)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico superior de Arquivos e o 11 de xaneiro de 2022 de valoración do sobre A "proposición avaliábel mediante xuízo de valor", así como o informe que rectifica o anterior de data 14 de xaneiro tamén asinado pola secretaria de Administración municipal.

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do 14 de xaneiro de 2022 a acorda excluír deste procedemento a DIGIBÍS, S.L.U. por non cumprir a súa proposición avaliábel mediante xuízo de valor co disposto no PPT (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2.A do PCAP). Segundo se indica no informe asinado polo técnico superior de Arquivos "na páxina 7 da Memoria técnica, indica que "este informe se enviará xunto con las imágenes procesadas a la sede de DIGIBÍS, donde se realizará el control de calidad definitivo y se corregirán todos los errores encontrados", cando no apartado 5 do PPT (Lugar de realización dos traballos) indícase que "todos os procesos se desenvolverán nestas instalacións (sala anexa do terceiro depósito)". O proceso de control de calidade que pretenden realizar fóra das instalacións do Arquivo municipal está incluído no punto 3.3.4. do PPT referido ao alcance do proxecto e, por tanto, ten que ser executado nas instalacións do Arquivo de conformidade ao xa citado punto 5 do PPT".

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de dixitalización de fondos patrimoniais do arquivo municipal de Vigo (1.055-1102)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliábel mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:28	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A442-CD2F35-C157EB-5QPDAL-AGTXDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Prezo s/IVE
1	XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.	65.253,80 €

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que a oferta presentada non contén valores anormais de conformidade co criterio recollido no apartado 7D do Anexo I -FEC- e na cláusula 18 do PCAP e acorda, por unanimidade, outorgarlle ao único licitador admitido a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP:

	Licitador	Redución do prezo
1	XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.	75 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (22 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.	22 puntos	75 puntos	97 puntos

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (1.383-2202)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de RRHH e Formación o 11 de xaneiro de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade, así como o informe que rectifica o anterior de data 14 de xaneiro. Á vista deste segundo informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. ASPY PREVENCIÓN, S.L.U,
2. QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna de Vigozoo (11.157-612)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:28	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A442-CD2F35-C157EB-5QPDAL-AGTXDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo o 10 de xaneiro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" que é aceptado por unanimidade.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna de Vigozoo (11.157-612)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna de Vigozoo (11.157-612) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	% baixa ofertada
1	FRUTAS NIEVES, S.L.	20,2182
2	MERCASH, S.L.U.	2,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FRUTAS NIEVES, S.L. (B-36.628.196), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de dixitalización de fondos patrimoniais do arquivo municipal de Vigo (1.055-1102)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de dixitalización de fondos patrimoniais do arquivo municipal de Vigo (1.055-1102) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:28	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A442-CD2F35-C157EB-5QPDAL-AGTXDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación total
1	XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.	97 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (B-70.220.124), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Documentación acreditativa da representación (cláusula 8.5.2º).
- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) (lotes 1, 2, 3, 6 e 7)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1, 2, 3, 6 e 7 deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:28	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A442-CD2F35-C157EB-5QPDAL-AGTXDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1º.- Aprobación a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da subministración de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos Colexios de Educación infantil e primaria, polo persoal beneficiario do programa 'Vigo Emprega'.

2º.- Aprobación o Prego de prescricións técnicas (e anexo) de 23/09/2021 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 30/09/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para esta contratación.

3º.- Aprobación o gasto por importe de 145.609,48 euros IVE incluído (21,175,51 euros no exercicio orzamentario 2021 e 124.433,97 euros no exercicio 2022) para a contratación da subministración de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos Colexios de Educación Infantil e primaria, polo persoal beneficiario do programa 'Vigo Emprega', por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.212.0000 (Reparacións e mantemento edificios dos colexios).

O valor estimado do contrato estipúlase en 120.338,41 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de decembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 26 de novembro de 2021 polo que non se admite a GARCÍ VENTA, S.L. nos lotes 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 deste procedemento polo motivo previsto na cláusula 14.1 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador".

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) na seguinte orde descendente:

- Lote 1: Materiais de construción, formigóns, morteiros e outros:

	Licitador	Puntuación total
1	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100 puntos

- Lote 2: Materiais para pavimentos, aplacados e aparatos sanitarios:

	Licitador	Puntuación total
1	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100 puntos



- Lote 3: Materiais para útiles e consumibles:

	Licitador	Puntuación total
1	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	95,33 puntos
2	TORRES Y SÁEZ, S.A.U.	10,00 puntos

- Lote 5: Materiais para carpintería de aluminio:

	Licitador	Puntuación total
1	HIROMEGAL, S.L.	100 puntos

- Lote 6: Materiais para fontanería e saneamento:

	Licitador	Puntuación total
1	ICOGA, S.L.	100,00 puntos
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	56,76 puntos

- Lote 7: Material para instalacións eléctricas:

	Licitador	Puntuación total
1	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100 puntos

Terceiro.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar, MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (B-36.641.132) (lotes 1, 2, 3 e 7), HIROMEGAL, S.L. (lote 5) (B-27.741.941) e ICOGA, S.L. (B-36.683.035) (lote 6), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (B-36.641.132) (lotes 1, 2, 3 e 7), HIROMEGAL, S.L. (lote 5) (B-27.741.941) e ICOGA, S.L. (B-36.683.035) (lote 6), o día 15 de decembro de 2021. Durante o prazo presentan documentación MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.e ICOGA, S.L. HIROMEGAL, S.L. non presenta documentación ningunha.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:28	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A442-CD2F35-C157EB-5QPDAL-AGTXDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de decembro de 2021 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade:

- "Conceder un prazo de tres días a MATERIALES DE CONSTRUCCION FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 2, 3 e 7) e ICOGA, S.L. (lote 6) para que completen a documentación esixida na resolución do 10 de decembro de 2021
- Entender retirada a oferta presentada por HIROMEGAL S.L. no lote 5 ao non ter cumprimentado adecuadamente o requirimento no prazo sinalado 8artigo 150.2 da LCSP"

Quinto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 13 de xaneiro de 2022, acordou:

"Declarar deserto o lote 5 "Materiais para carpintería de aluminio" do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) porque a Mesa entendeu retirada a única oferta presentada ao abeiro do previsto no artigo 150.2 da LCSP".

Sexto.- Durante o prazo concedido, MATERIALES DE CONSTRUCCION FERNANDO ALONSO, S.L e ICOGA, S.L. presentaron documentación.

A Mesa de Contratación na sesión do 14 de xaneiro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dos lotes 1, 2, 3, 6 e 7 deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1, 2, 3, 6 e 7, MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. e ICOGA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar os referidos lotes.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:28	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A442-CD2F35-C157EB-5QPDAL-AGTXDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosas para a administración contratante son as formuladas por MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 2, 3 e 7) e ICOGA, S.L. (lote 6), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de data 3 de decembro de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 26 de novembro de 2021 polo que non se admite a GARCÍ VENTA, S.L. nos lotes 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 deste procedemento polo motivo previsto na cláusula 14.1 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador".

- Adxudicar a MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (B-36.641.132) os lotes 1, 2, 3 e 7 do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote 1 "Materiais de construción, formigóns, morteiros e outros" é de 17.795,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.088,40 euros, cunha baixa proporcional única do 25% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT e do 10% a aplicar a cada unha das unidades non previstas.*
- b) O prezo total do lote 2 "Materiais para pavimentos, aplacados e aparatos sanitarios" é de 41.684,27 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.234,46 euros, cunha baixa proporcional única do 10% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT e do 3% a aplicar a cada unha das unidades non previstas.*
- c) O prezo total do lote 3 "Materiais para útiles e consumibles" é de 2.341,29 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 406,34 euros, cunha baixa proporcional única do 20% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT e do 5% a aplicar a cada unha das unidades non previstas.*
- d) O prezo total do lote 7 "Materiais para electricidade" é de 12.715,18 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.206,77 euros, cunha baixa proporcional única do 20% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT e do 10% a aplicar a cada unha das unidades non*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:28	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A442-CD2F35-C157EB-5QPDAL-AGTXDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

previstas.

- Adxudicar a *ICOGA, S.L. (B-36.683.035)* o lote 6 "Materiais para fontanería e saneamento" do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa *Vigo Emprega (24.875-332)* por un prezo total de 8.884,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.541,94 euros, cunha baixa proporcional única do 18% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT e do 10% a aplicar a cada unha das unidades non previstas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:28	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A442-CD2F35-C157EB-5QPDAL-AGTXDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		